



ANUNCIO

ASUNTO: NOMEAMENTO DO DIRECTOR XERAL DE PROTECCIÓN CIDADÁ

A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión 20/01/2020 adoptou o acordo (con csv. P2N0P3S6GSMCBVWL a efectos da súa posible consulta na Sede electrónica do Concello de Pontevedra, na dirección: <https://sede.pontevedra.gal/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>) polo que se resolveu a convocatoria pública do procedemento para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de director/a xeral de protección cidadá, cuxa parte expositiva resulta do teor literal seguinte:

“(…)

PRIMEIRO.- Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de director/a xeral de protección cidadá, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/10/2019 (publicada no BOP núm. 209 do 30/10/2019), considerando que o candidato presentado reúne os requisitos de mérito, capacidade e idoneidade exixidos na convocatoria tal e como se pon de manifesto na parte expositiva deste acordo e, polo tanto, nomear a don Daniel Macenlle Díaz, con DNI 352****3G, director xeral de protección cidadá, con efectos do día 21/01/2020, coas retribucións básicas e complementarias establecidas na relación de postos de traballo do persoal directivo para o posto co código 0004 e as funcións recollidas no artigo 45 do Regulamento orgánico do goberno e da Administración Municipal do Concello de Pontevedra e na relación de postos de traballo do persoal directivo.

O director xeral de protección cidadá desenvolverá as súas funcións baixo a dependencia directa da alcaldía ou, no seu caso, da concellería que teña delegada a Área de Protección Cidadá.

O Sr. Macenlle Díaz quedará sometido ao réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, de 26 de decembro e seranlle de aplicación as limitacións previstas no artigo 15 da Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo, nos termos establecidos no parágrafo 8 do artigo 75 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, deberá prestar declaración de intereses e declaración dos bens patrimoniais e a participación en sociedades de todo tipo, nos termos do parágrafo 5 do artigo 75 da citada lei 7/1985, de forma asimilada ao establecido no mesmo artigo para os membros electos das corporacións locais.

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello e na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) para xeral coñecemento.

(…)”

RECURSOS PROCEDENTES

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

No entanto, os interesados poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente conforme a dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura,

